



Concello da Coruña

Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 MLL	Documento 21119I06S7	
Código de verificación  0D5I 540N 4Z34 4G0C 07QQ	Expediente 211/2025/796	
	Fecha 12-11-2025	

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DO NADAL 2025-2026

1. OBXECTO:

Constitúe o obxecto destas bases regular a convocatoria pública para participar nos **“CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DO NADAL 2025-2026”**, organizados pola Concellaría de Deportes en dúas quendas.

O obxectivo principal consiste en lle ofrecer á poboación infantil e xuvenil do Concello da Coruña a promoción do deporte e hábitos de vida saudables, á vez que se lles facilita ás súas familias unha boa ferramenta para poder conciliar a súa vida persoal e familiar durante parte das vacacións escolares do Nadal.

2. PERSOAS DESTINATARIAS E IDADES:

poboación infantil e xuvenil con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos (nados/as entre o 01/01/2013 e o 31/12/2019). Aclárase que as persoas beneficiarias son os nenos e as nenas, non as súas persoas titoras legais ou custodios.

Terán preferencia as persoas empadroadas no Concello da Coruña.

Os e as menores que desexen participar no campamento deberán ser autónomos/as e ter control de esfínteres.

3. PROGRAMA E PREZO:

3.1. PROGRAMA TIPO:

HORARIO	PROGRAMA TIPO
08.30-09.00	Chegada e recepción de participantes
09.00-10.30	Actividade deportiva I
10.30-12.00	Actividade deportiva II
12.00-12.30	Merenda (deberá ser achegada polo/a participante)
12.30-14.00	Actividade deportiva III
14.00 / 14.30	Devolución e recollida de participantes



Concello da Coruña

3.2. ACTIVIDADES PREVISTAS:

Durante o desenvolvemento de cada quenda de campamento están previstas as actividades que se relacionan a continuación, susceptibles de variacións por razóns organizativas e/ou de seguridade: atletismo, loita e defensa persoal, bádminton, xadrez, xogos acuáticos, actividades na natureza ou exteriores.

3.3. LUGAR DE REALIZACIÓN: a sede principal será a Cidade Deportiva de Riazor. Poderanse realizar excursións e actividades en puntos de interese da cidade.

3.4. QUENDAS. Establécense dúas quendas:

- a) QUENDA 1: 22,23, 24 e 26 de decembro de 2025
- b) QUENDA 2: 29,30, 31 de decembro de 2025 e 2 de xaneiro de 2026

3.5. HORARIOS:

- a) **Horario xeral** das actividades: das 09.00 ás 14.00 horas
- b) **Horario ampliado** de conciliación:
 - o Entrada: entre as 08.30-09.00 h
 - o Saída: para elixir entre:
 - 14.00 h
 - 14.30 h

A opción de **horario ampliado non supón un custo engadido.**

4. PREZO: 35,04 € (TRINTA E CINCO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS) por participante e quenda, segundo a ordenanza fiscal en vigor (OF 15 art.6).

Redución de taxas: poderán obter unha redución do 50% na taxa relativa a campamentos aquelas persoas que contén cuns rendementos económicos brutos *per cápita*, computados anualmente por todos os conceptos e por unidade familiar, que non superen o indicador público de renda de efectos múltiples vixente no momento de efectuar a solicitude.

5. PRAZAS: ofértanse un total 144 prazas, organizadas en 72 prazas por quenda.

6. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE E ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

6.1. PREINSCRICIÓN: do 14 ao 18 de novembro a través do formulario en liña que se colgará na páxina web de Deportes do Concello da Coruña (www.coruna.gal/deportes). Non se admitirán preinscricións por outros medios.

6.1.1. Tendo en conta que os campamentos están dirixidos a menores de idade, serán as/os titoras/es legais quen realicen a solicitude, e **indicarán a orde de preferencia das quendas.**



Concello da Coruña

6.1.2. Cada menor só poderá constar nunha única solicitude (individual ou familiar). No caso de rexistrar para unha mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, e anularanse de oficio todas as feitas con anterioridade.

6.1.3. **Solicitude familiar:** para colaborar na conciliación familiar, permítese a solicitude múltiple, na que se deberán reflectir os datos de todos/as os/as menores que queiran optar á mesma quenda, coa condición de que sexan membros da mesma unidade familiar ou que demostren convivencia no mesmo domicilio.

6.1.3.1. A solicitude familiar permite, nun mesmo formulario, a inscrición de ata 3 menores. No caso de superar esta cifra, deberase cubrir outro formulario correlativo no tempo, se desexan optar á mesma quenda.

6.1.3.2. No caso de que se presenten solicitudes en formularios diferentes, non se garante a asistencia á mesma quenda, no caso de obter praza.

6.1.4. Aclárase que as persoas beneficiarias son as e os menores, por tanto, **só poderán realizar a solicitude de preinscrición e a matrícula os/as titores/as legais ou custodios.** No caso de custodia compartida, as persoas interesadas deberán estar de acordo previamente. No caso de non acadar acordo, deberán remitirse ao Servizo de mediación de familia da Xunta de Galicia ou organismo competente, que será quen determine que custodio debe formalizar a solicitude e a matrícula.

Logo de recibir todas as solicitudes, asignaráselle un número a cada unha delas por orde cronolóxica de entrada. Unha vez asignado o número, no resto do procedemento atenderase sempre a ese número.

6.2. **LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITANTES:** o 20 de novembro de 2025 a partir das 14.00 h publicarase a listaxe provisional de solicitantes e abrirase un prazo para a corrección de erros.

6.3. **CORRECCIÓN DE ERROS:** abrirase un prazo para a corrección de erros desde a publicación da listaxe provisional de solicitantes ata o 23 de novembro de 2025 ás 23.59 h. As alegacións presentaranse por correo electrónico a través do enderezo electrónico programasdeportivos@coruna.gal.

No prazo de corrección de erros **non se admitirán novas solicitudes nin cambios na orde de preferencia das quendas**, tan só se atenderá á corrección dos datos persoais consignados no formulario.

6.4. **LISTAXE DEFINITIVA PARA O SORTEO:** o 24 de novembro publicarase a listaxe atendendo ás correccións, se proceden, das persoas solicitantes que participarán no proceso de selección.

6.5. **SORTEO:** nos supostos de que existan máis solicitudes que prazas ofertadas, o 25 de novembro ás 09.00 h realizarase o sorteo público para establecer a orde de adxudicación na páxina web <https://echaloasuerte.com> ou a través do procedemento de insaculación, nas oficinas do Palacio de Deportes de Riazor. Extraerase un número que establecerá o corte a partir do cal se adxudicarán as prazas.



Concello da Coruña

6.6. ORDE DE PREFERENCIA. Para establecer a orde de preferencia para adxudicar as prazas terase en conta:

1. As persoas empadroadas no Concello da Coruña
2. A orde de preferencia nas actividades indicadas na solicitude (opción 1 ou opción 2)
3. O número asignado á solicitude en relación ao número obtido no sorteo público

As persoas admitidas na súa primeira opción de preferencia quedarán automaticamente excluídas para a adxudicación na súa segunda opción, e pasarán ao final da lista de agarda.

As persoas que non obtivesen praza neste proceso pasarán a formar parte da listaxe de agarda.

7. LISTAXE DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAXE DE AGARDA: o 27 de novembro de 2025 a partir das 14.00 h publicarase a listaxe de adxudicación de prazas e listaxe de agarda.

8. MATRÍCULA E FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓNS:

8.1. DATAS PARA AS MATRÍCULAS: as persoas que obteñan praza poderán formalizar a inscrición do 27 de novembro ao 3 de decembro de 2025 (ambos incluídos).

8.2. LUGAR. Habilitaranse dúas modalidades para formalizar a matrícula:

8.2.1. **EN LIÑA:** a través da plataforma [CronosWeb](https://coruna.gal/CronosWeb/Login) (<https://coruna.gal/CronosWeb/Login>), accedendo de forma identificada.

8.2.2. **PRESENCIAL:** acudindo á caixa do Palacio de Deportes de Riazor (rúa Manuel Murguía s/n), en horario das 08.15 h ás 14.00 h. Terán preferencia as persoas que concerten unha cita previa www.citaprevia.coruna.gal ([cita previa](http://www.citaprevia.coruna.gal)) e no seu horario. As persoas sen cita previa poderán acudir a matricularse nos horarios que queden dispoñibles. Para que a matrícula sexa efectiva deberase cubrir o formulario de inscrición e aboar a taxa correspondente.

8.3. Cada persoa só se poderá matricular nunha quenda. A matrícula nunha quenda supón a renuncia expresa á outra quenda solicitada, agás que, feito o movemento da lista de agarda, quedasen prazas dispoñibles.

8.4. No caso de non formalizar a inscrición no prazo establecido entenderase que se renuncia á praza e adxudicaranse as prazas vacantes seguindo a listaxe de agarda.

8.5. Documentación que se debe achegar para a matrícula:

- a) Fotocopia do DNI do/a menor de idade (de non telo, do Libro de Familia) e do DNI do pai, da nai ou titor/a.
- b) Só se procede: informes médicos ou outros.

9. XESTIÓN DA LISTAXE DE AGARDA: a partir do 4 de decembro, as persoas que obteñan praza con motivo do movemento da listaxe de agarda recibirán un correo electrónico e poderán formalizar a inscrición ata o 9 de decembro. No caso de non formalizala, entenderase que renuncian á praza.



Concello da Coruña

- 9.1. Realizarase un único movemento da listaxe de agarda, publicándose o 4 de decembro. As persoas que obteñan praza neste movemento, recibirán un correo electrónico e poderán formalizar a inscrición ata o 9 de decembro. No caso de non formalizala, entenderase que renuncian á praza.
- 9.2. Finalizado este prazo, se aínda quedasen prazas libres, publicaranse na páxina web o día 10 de decembro, quedando a libre disposición ata o 17 de decembro ou ata cubrir as prazas. Poderá acceder a elas calquera persoa que cumpra cos requisitos establecidos nas bases, fixera ou non preinscrición.
- 9.3. Estas Prazas dispoñibles se adxudicaran por orde de cita previa ([cita previa](#)) nas Oficinas do Palacio de Deportes de Riazor.

10. EQUIPAMENTO E RECOMENDACIÓNS PARA PARTICIPANTES:

- 10.1. **Indumentaria:** roupa e calzado deportivo e abrigo para as actividades exteriores. Para as actividades na piscina, deberán levar traxe de baño, toalla, chancletas, gorro e recoméndanse gafas de natación.
- 10.2. **Recomendacións:** levar un pequeno bidón, cantimplora ou similar irrompible (non se admite de cristal) identificada co seu nome e unha pequena merenda para tomar a media mañá.
- 10.3. Enviaráselles ás persoas participantes por correo electrónico a información relativa ao desenvolvemento da actividade.



11. OUTRAS DISPOSICIÓNS

- 11.1. A formalización da solicitude de preinscrición e, se é o caso, da matrícula supón a aceptación das normas desta convocatoria.
- 11.2. Coa presentación da solicitude e, se fose o caso, da formalización da matrícula, entenderase que a persoa solicitante e, de ser o caso, o/a titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte da empresa que xestiona as EDM.
- 11.3. A formalización da matrícula no Campamento Deportivo implica expresamente a autorización para traslados fóra da Cidade Deportiva de Riazor para realizar as actividades no exterior e/ou natureza, que serán a cargo do Servizo Municipal de Deportes.
- 11.4. A formalización da matrícula implica declarar que son certos os datos achegados. No caso de que o Servizo Municipal de Deportes detecte falsidade neles, o alumnado/participante afectado causará baixa na actividade, sen dereito á devolución das taxas aboadas.
- 11.5. Será de aplicación a normativa de uso das instalacións deportivas, Escolas Deportivas Municipais e outras actividades, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de xullo de 2007.
- 11.6. Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.
- 11.7. Todas as datas que se indican nestas bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, se acontecese algún imprevisto nalgunha das fases do procedemento, o Servizo Municipal de Deportes pode cambialas motivadamente sen necesidade de modificar as presentes bases; sempre que se respecten os prazos previstos para cada trámite e logo da publicación previa na páxina web www.coruna.gal/deportes.
- 11.8. Se for necesario, comunicarse a ampliación de lugar, datas e horarios de matrículas para posibles incidencias. Comunicarse na páxina web municipal www.coruna.gal/deportes.
- 11.9. Toda a información relativa a esta convocatoria poderase consultar na páxina web municipal, www.coruna.gal/deportes, nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais e no teléfono de información cidadá 010.
- 11.10. O SMD, por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de reaxustar os grupos e, se fose necesario, deixalos sen efecto.
- 11.11. O/a participante, e se fose o caso o/a seu/súa titor/a, fai constar que non padece ningunha enfermidade que o/a incapacite para practicar actividade deportiva. Se padece discapacidade ou outros datos relevantes que poidan incidir na práctica deportiva, deberallo comunicar ao Servizo Municipal de Deportes no momento da súa matrícula.



Concello da Coruña

No suposto de concorrer algún indicio de que a persoa poida estar nalgunha destas circunstancias, o SMD poderá requirirlle expresamente a achega do certificado médico ou documento equivalente.

- 11.12.** As persoas con discapacidade poderán solicitar praza tendo en conta o seguinte:
- 11.12.1. Son actividades grupais. Polo tanto, a discapacidade deberá ser nun grao que lles permita participar nas actividades.
 - 11.12.2. Na preinscrición deberase indicar se ten discapacidade e se a persoa é dependente ou non.
 - 11.12.3. As persoas que para a súa normalización precisen calquera adaptación ou seguimento deberán poñerse en contacto coa coordinación das EDM (Oficina de coordinación no Palacio de Deportes de Riazor), que canalizará a súa inclusión no campamento.
 - 11.12.4. En todo caso, optarán á praza nas mesmas condicións que o resto de solicitantes.
- 11.13.** O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.
- 11.14.** **Baixa na actividade:** no caso de querer causar caixa, deberase solicitar expresamente por rexistro de entrada. Segundo o artigo 8 da Ordenanza fiscal en vigor (OF 15) *“Esixirase o depósito previo das taxas correspondentes a ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS no momento de efectuarse a matriculación. Iniciada a prestación do servizo, a cantidade ingresada en concepto de depósito aplicará ao importe definitivo da taxa, polo que procederá a súa devolución se o/a alumno/a solicita a baixa na actividade con antelación ao comezo do curso...”*
- 11.15.** O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.
- 11.16.** O Concello, a través da empresa concesionaria do contrato de servizos das EDM, dispón dun servizo gratuíto de asistencia médica e hospitalaria, ata un máximo de 180 días, para as persoas participantes nas actividades deportivas que sufran un accidente durante elas e como consecuencia de levar a cabo a actividade incluída na programación prevista. En ningún caso a prestación deste servizo suporá o recoñecemento de responsabilidade municipal sobre a lesión sufrida; senón que o mesmo debe incardinarse na vontade desta Administración de implantar unha práctica deportiva segura e de calidade, que teña activado en todo momento un protocolo que garanta unha atención, inmediata e a curto prazo, da persoa lesionada con servizos especializados en medicina deportiva.
- 11.17.** Os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña en calidade de Responsable de Tratamento con enderezo en María Pita, 1, 15001 A Coruña, coa finalidade de xestionar a prescrición, o rexistro e o desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na



Concello da Coruña

necesidade do cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio dos poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos pódense conservar, se for o caso, con fins de arquivo de interese público, investigación científica e histórica ou fins estatísticos. Os seus datos comunicaranse a asociacións e organizacións sen ánimo de lucro, entidades aseguradoras, outros órganos da Administración local e profesionais ou entidades adxudicatarias da prestación do servizo.

Vde. poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento así como a portabilidade de datos, presentando un escrito no Rexistro de Entrada do Concello: Praza de María Pita, 1. 15001, A Coruña ou, na seguinte ligazón <https://www.coruna.gal/web/es/detalle/ejercicio-de-derechos-sobre-los-datos-de-caracter-personal/contenido/1453762232714>. De ser o caso, poderá poñerse tamén en contacto coa persoa Delegada de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal. Pode consultar a información adicional detallada sobre o tratamento dos seus datos na seguinte ligazón:

<https://www.coruna.gal/web/gl/rgpd>



RESUMO DOS PRAZOS DO PROCEDEMENTO

TRÁMITE	DATAS
Presentación de solicitudes	Do 14 ao 18 de novembro de 2025 (ata as 23.59 h)
Listaxe provisional de solicitantes	20 de novembro de 2025 a partir das 14.00 h
Corrección de erros	Dende a publicación e ata o 23 de novembro de 2025 ás 23.59 h no correo electrónico programasdeportivos@coruna.gal
Listaxe definitiva para o sorteo	24 de novembro de 2025
Sorteo (de ser necesario)	25 de novembro de 2025, ás 09.00 h
Listaxe de adxudicación de prazos	27 de novembro de 2025 a partir das 14.00 h
Inscripción das persoas admitidas	Do 27 de novembro ao 3 de decembro de 2025
Xestión da listaxe de agarda	A partir do 4 de decembro de 2025
Inscripción das persoas da lista de agarda	Ata o 9 de decembro de 2025
Publicación prazos libre disposición	10 de decembro de 2025
Libre matrícula	Ata 17 de decembro ou esgotar as prazos.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O Técnico Superior de Deportes
Miguel Angel López Lorenzo

A Xefa de Servizo de Deportes
Patricia Vázquez García